

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

7843 *Real decreto 327/2021, do 11 de maio, polo que se modifica o Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado», para adaptalo ao taboleiro de edictos xudicial único.*

O artigo 236.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, prevé que a publicidade dos edictos se realice a través do taboleiro de edictos xudicial único, na forma en que se dispoña regulamentariamente. Esta previsión legal foi completada pola recente Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, que, entre outros aspectos, modifica a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza, para establecer as características esenciais do citado taboleiro.

Conforme se desprende da regulación de ambas as normas, o obxectivo do taboleiro de edictos xudicial único é a plena informatización e unificación da publicación de resolucións e comunicacións xudiciais, para acabar coa dispersión en taboleiros de anuncios e distintos boletíns oficiais e reforzar a simplicidade deste trámite e as garantías das partes.

A nova redacción dada ao artigo 35 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, sinala, en primeiro lugar, que o taboleiro de edictos xudicial único será publicado electronicamente pola Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, co cal se aproveita a experiencia con que xa conta este organismo para desenvolver un sistema de publicación de edictos xeneralizado, fiable e accesible de forma gratuíta para todos os cidadáns.

En segundo lugar, encárgase á citada axencia que poña á disposición dos órganos xudiciais un sistema completamente automatizado de remisión e xestión de edictos, de tal maneira que, coa maior celeridade e axilidade, se poida instar desde a oficina xudicial, e sempre baixo o control e a responsabilidade do letrado da Administración de xustiza, a inserción dos correspondentes actos procesuais no citado taboleiro, polo que queda salvagardada a absoluta independencia e singularidade da función xurisdiccional.

Complementariamente, a nova disposición adicional décimo terceira da Lei 18/2011, do 5 de xullo, dispón a gratuidade tanto das publicacións que, en cumprimento do previsto nas leis procesuais, deban facerse no taboleiro de edictos xudicial único, como tamén das consultas no taboleiro e das subscricións que os cidadáns poidan realizar nos seus sistema de alertas. Neste sentido, non se trata simplemente de cumprir co requisito formal de dar a coñecer unha determinada resolución ou actividade xurisdiccional, senón de pór medios adicionais para facilitar que o destinatario do acto procesual publicado teña noticia da súa existencia, co cal se reforza o carácter de garantía procesual que supón a comunicación de edictos.

Finalmente, o lexislador estableceu o 1 de xuño de 2021 para a posta en marcha con carácter xeral do novo sistema.

En cumprimento destas previsións lexislativas, o obxecto do presente real decreto é regular a publicación do taboleiro de edictos xudicial único por parte da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado. De entre as distintas opcións posibles, o presente real decreto establece un modelo paralelo ao do taboleiro de edictos único, xa existente no ámbito dos anuncios de notificación que realizan as administracións públicas, ben que incorporando características propias, atendida a singularidade da actividade xurisdiccional.

Con este obxectivo, a regulación do taboleiro acométese mediante a modificación do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado», de forma que se mantén a unicidade do instrumento normativo regulador do diario.

A modificación configura un novo suplemento do BOE denominado «Suplemento do taboleiro de edictos xudicial único». Este novo suplemento forma parte do «Boletín Oficial

del Estado» e da súa edición electrónica, polo que a publicación no taboleiro de edictos xudicial único se realizará con todos os requisitos técnicos e garantías xurídicas que ofrece o diario oficial, en particular o carácter fidedigno da data de publicación dos edictos, cuestión de especial relevancia para efectos do cómputo dos prazos procesuais.

Malia formar parte do «Boletín Oficial del Estado», o novo suplemento presenta características propias, como a excepción das previsións de edición impresa para efectos de conservación e a modulación do acceso ao seu contido transcorrido o prazo de catro meses desde a súa publicación.

Así mesmo, prevéase a incorporación de mecanismos orientados a evitar a indexación e recuperación automática da información publicada e a limitación das posibilidades para a súa conservación, almacenamento e tratamento. Estas previsións, máis rigorosas ca as até agora vixentes para o taboleiro de edictos único administrativo, esténdense tamén a este último, de acordo co principio de proactividade establecido polo Regulamento xeral de protección de datos.

Conforme o previsto polo lexislador, mediante esta modificación do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, tamén se establecen as especificacións básicas do sistema automatizado de remisión e xestión telemática dos textos que se van publicar, previsto no parágrafo segundo do artigo 35 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, e orientado a garantir a celeridade na publicación, a correcta e fiel inserción, así como a identificación do órgano remitente.

Na parte final da norma destaca a declaración expresa de que o previsto no presente real decreto resulta de aplicación á xurisdición militar.

Este real decreto cumpre cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia referidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En efecto, a norma está plenamente xustificada ao acometer o desenvolvemento regulamentario do previsto nas leis antes citadas, desenvolvemento que resulta necesario para que o taboleiro de edictos xudicial único poida estar operativo na data fixada polo lexislador. En termos de eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia, a incorporación do taboleiro de edictos xudicial único ao BOE dótao das maiores garantías xurídicas posibles. Así mesmo, esta configuración facilita o acceso dos cidadáns a todos os edictos que os afecten, calquera que sexa a súa natureza, xa que os dous taboleiros de edictos, o xudicial e o administrativo, ben que son independentes e presentan o seu réxime e singularidades propias, se ofrecen desde a sede do «Boletín Oficial del Estado», sen que se xeren novas cargas administrativas. Ademais, a solución resulta eficiente desde o punto de vista da utilización dos recursos públicos, posto que aproveita a plataforma e as estruturas xa existentes para a difusión do diario oficial do Estado.

Na súa virtude, por proposta conxunta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática e do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado».*

O Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado», modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Existirán, así mesmo, os seguintes suplementos de carácter independente:

- a) O suplemento de notificacións.
- b) O suplemento do taboleiro de edictos xudicial único.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 8 e engádese un novo número 8 co seguinte contido:

«4. Na sección IV publicaranse:

- a) Os anuncios de poxas xudiciais.
- b) Os actos procesuais que non deban ser obxecto de inserción no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único, conforme o previsto no parágrafo primeiro do artigo 35 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza.»

«8. O suplemento do taboleiro de edictos xudicial único incluírá as resolucións e comunicacións dos xulgados e tribunais a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 35 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza.

Este suplemento estará integrado por dúas seccións:

- a) Edictos xudiciais de carácter xeral.
- b) Edictos xudiciais de carácter particular.»

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Non obstante o disposto nos números anteriores, os suplementos de notificacións e do taboleiro de edictos xudicial único soamente contarán con edición impresa cando concorran as circunstancias previstas na letra a) do número primeiro.»

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 14, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Non obstante o previsto nos números anteriores, os suplementos permanecerán libremente accesibles na sede electrónica da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado durante un prazo de tres meses, no caso do suplemento de notificacións, e de catro meses, no caso do suplemento do taboleiro de edictos xudicial único.

Unha vez transcorrido o prazo correspondente a cada suplemento, o acceso requirirá o código de verificación do correspondente documento, que terá carácter único e non previsible.

A conservación, almacenamento e tratamento da información publicada nos suplementos soamente lles está permitida aos interesados ou aos seus representantes, aos xulgados e tribunais, ao Ministerio Fiscal, así como ás administracións que poidan precisalo para o exercicio das competencias que lles corresponden.

A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado adoptará medidas orientadas a evitar a indexación e recuperación automática da información publicada nos suplementos por parte de suxeitos distintos aos recollidos no parágrafo anterior.

Sen prexuízo do previsto nas disposicións adicionais primeira e cuarta, finalizados os prazos previstos, respectivamente, no parágrafo primeiro deste punto, a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado facilitará o documento publicado, logo de solicitude, unicamente aos interesados ou aos seus representantes, ao Ministerio Fiscal, ao Defensor do Pobo e aos xulgados e tribunais.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 15, que queda redactado nos seguintes termos:

«Exceptúanse do previsto no parágrafo anterior os documentos publicados nos suplementos de notificacións e do taboleiro de edictos xudicial único, unha vez que transcorresen os prazos previstos, respectivamente, no número catro do artigo 14.»

Seis. Modifícase o artigo 17, que queda redactado nos seguintes termos:

«A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado ofrecerá na súa sede electrónica, con carácter diferenciado á edición electrónica do «Boletín Oficial del Estado», unha base de datos gratuíta que permita a busca, recuperación e impresión das disposicións, actos e anuncios publicados no «Boletín Oficial del Estado», con suxeición ao establecido na normativa de protección de datos persoais.

Non obstante, a busca, recuperación e impresión, a través do servizo de base de datos, dos documentos publicados nos suplementos de notificacións e do taboleiro de edictos xudicial único serán posibles exclusivamente durante os prazos previstos, respectivamente, no número catro do artigo 14.»

Sete. Engádesse un número 6 ao artigo 19 co seguinte contido:

«6. A facultade de ordenar a inserción dos actos procesuais que deban publicarse no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único corresponde aos xulgados e tribunais nos termos previstos polas normas procesuais.»

Oito. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 20, e o actual número 4 pasa a ser número 5:

«3. Os orixinais destinados á publicación no suplemento de notificacións remitiranse mediante o sistema automatizado de remisión e xestión telemática previsto na disposición adicional terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de acordo coas garantías, especificacións básicas e modelos que se establecen na disposición adicional primeira deste real decreto.

4. Os orixinais destinados á publicación no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único remitiranse mediante o sistema automatizado de remisión e xestión telemática previsto no artigo 35 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza, de acordo coas garantías, especificacións básicas e modelos que se establecen na disposición adicional cuarta deste real decreto.

5. En todo caso, o formato dos documentos, xa sexa de texto, gráfico, de imaxe ou calquera outro, deberá atender aos estándares que garantan o adecuado nivel de interoperabilidade e resultar idóneo para comunicar o contido do documento de que se trate.»

Nove. Engádesse un número 4 ao artigo 21 co seguinte contido:

«4. Respecto dos documentos que se publiquen no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único, a autenticidade dos orixinais remitidos para publicación deberá quedar garantida nos termos previstos na disposición adicional cuarta.»

Dez. Engádesse un número 4 ao artigo 22 co seguinte contido:

«4. Os documentos que deban inserirse no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único remitiranse á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado nos termos previstos na disposición adicional cuarta.»

Once. Engádesse un parágrafo segundo ao número 2 do artigo 24 co seguinte contido:

«Os actos procesuais obxecto de inserción no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único publicaranse en extracto, nos termos establecidos polas normas procesuais. En todo caso, deberán quedar salvagardados os dereitos e intereses dos menores, así como outros dereitos e liberdades que poidan verse afectados pola publicación.»

Doce. Modifícase o número 3 do artigo 27, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A publicación de documentos nos suplementos de notificacións e do taboleiro de edictos xudicial único efectuarase sen contraprestación económica ningunha por parte dos organismos que a soliciten.»

Trece. Engádesse unha disposición adicional cuarta co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. *Sistema automatizado de remisión e xestión telemática dos documentos que deban inserirse no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único.*

1. O sistema automatizado de remisión e xestión telemática da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, previsto no artigo 35 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza, axustarase ás seguintes garantías e especificacións básicas:

a) O acceso ao sistema requirirá a identificación previa dos funcionarios ao servizo do órgano xudicial competente, que poderá realizarse mediante DNI electrónico ou outro certificado electrónico cualificado. En caso de que o acceso se realice mediante servizos web, deberase utilizar o sistema de sinatura electrónica mediante selo electrónico cualificado do correspondente sistema de xestión procesual.

b) O Ministerio de Xustiza manterá permanentemente actualizado e accesible mediante servizos web o catálogo de órganos xudiciais e de usuarios implicados no procedemento de publicación e o Ministerio de Defensa, respecto dos órganos xudiciais militares.

c) A remisión realizarase preferentemente mediante servizos web conforme o formato estruturado que se contén no anexo II deste real decreto. Así mesmo, a remisión poderá realizarse por medio dun portal web. En todo caso, deberán incorporarse os metadatos que permitan a xestión automatizada dos documentos por parte da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

d) O sistema de remisión garantirá a autenticidade, integridade e non repudio dos envíos, así como a súa confidencialidade.

e) O sistema permitirá consultar, mediante servizos web ou outros mecanismos, o estado de tramitación dos documentos enviados, así como acceder á súa publicación sen limitación temporal ningunha, conforme o previsto na letra a) deste número.

f) Os documentos serán publicados dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa recepción, salvo os supostos de imposibilidade técnica, solicitude dun prazo de publicación superior por parte do remitente ou que o documento requira de emenda. Para estes efectos, os documentos recibidos despois das 12.00 horas do venres, os sábados, días festivos e 24 e 31 de decembro consideraranse recibidos ás 8.00 horas do primeiro día hábil seguinte.

2. Corresponde á Dirección da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado determinar os requisitos e as especificacións técnicas do sistema.»

Catorce. O actual contido da disposición derradeira primeira pasa a integrar o seu número 1 e engádesse un novo número 2 co seguinte contido:

«2. Os anexos I e II poderán ser actualizados mediante resolución da Dirección da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, que deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado».»

Quince. O anexo enumérase como «anexo I» e engádese un novo anexo II co seguinte contido:

«ANEXO II

Formato XML para o envío dos documentos que deban inserirse no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único

O contido do envío realizarase en formato XML coa información estruturada da seguinte forma:

```
<envio>
  <version>
  <remitente>
  <fechaPub?>
  <controlPub>
    <url>
    <email>
  </controlPub>
  <edictos>
    <edicto>+
      <emisor>
      <metadatos?>
      <id?>
      <sede?>
      </metadatos>
      <organo>
      <identificacion>
      <direccion>
      <localidad>
    <cp>
      <provincia>
      <telefono?>
      <email?>
    </organo>
    <contenido>+
      <procedimiento>
      <tipo>
      <numero>
      <nig>
    </procedimiento>
  <resolucion>+
    <tipo>
    <fecha>
    <objeto>+
      <tipo>
      <plazo?><p></plazo>
    </objeto>
  </resolucion>
```

```

<destinatarios>?
  <determinados>
    <nombre>
  </determinados>
  <indeterminados>
    <p>+
  </indeterminados>
</destinatarios>
<observaciones>?
  <p>+
</observaciones >
</contenido>
<firma>
  <lugar>
  <fecha>
  <cargo>
  <firmante>
</firma>
</edicto>
</edictos>
</ envio>

```

+ significa unha ou máis ocorrencias.

? significa cero ou unha ocorrencia.

* significa cero ou máis ocorrencias.

A continuación descríbese de forma pormenorizada cada un dos elementos.

Esquema	Nome	Descrición	Valores	Obr.	Tipo
	envio	Nodo raíz do envío.		[1..1]	
1	version	Código que indica a versión utilizada. Existirá compatibilidade de versións.	[1.0.0]	[1..1]	string
2	remitente	Código do órgano xudicial remitente do edicto, que pode ser o mesmo que o emisor ou o dun servizo común que actúe como remitente de edictos emitidos por outros órganos xudiciais.		[1..1]	string
3	fechaPub	Data de publicación solicitada en formato ISO 8601:2004 (aaaa-mm-dd).		[0..1]	string
4	controlPub	Información de control de publicación ou devolución.		[1..1]	complexType
4.1	url	Enderezo do servizo web a que se informará da data de publicación dos edictos ou da súa devolución.		[0..1]	anyUri
4.2	email	Enderezo de correo electrónico a que se informará da data de publicación dos edictos ou da súa devolución.		[1..1]	string
5	edictos	Lista de edictos que compoñen o envío.		[1..1]	complexType
5.1	edicto	Información relativa a un edicto.		[1..*]	complexType
5.1.1	emisor	Código do órgano xudicial que emite o edicto Nota: O emisor e o remitente será o mesmo órgano xudicial, salvo no caso dos servizos comúns que actúen como remitentes de edictos emitidos por outros órganos xudiciais.		[1..1]	string

Esquema	Nome	Descrición	Valores	Obr.	Tipo
5.1.2	metadatos	Información que facilita a identificación dos edictos nos sistemas de información e a súa localización na sede electrónica correspondente.		[0..1]	complexType
5.1.2.1	id	Identificador único do edicto nos sistemas de información do órgano emisor ou remitente. Este campo é opcional, aínda que se recomenda que estea cuberto porque permite identificar posibles envíos de edictos duplicados.		[0..1]	string
5.1.2.2	sede	URL da sede electrónica onde se encontra dispoñible o edicto.		[0..1]	anyUri
5.1.3	organo	Datos do órgano emisor.		[1..1]	complexType
5.1.3.1	identificacion	Descrición textual (nome) do órgano xudicial.		[1..1]	string
5.1.3.2	direccion	Domicilio do órgano xudicial.		[1..1]	string
5.1.3.3	localidad	Localidade do órgano xudicial.		[1..1]	string
5.1.3.4	provincia	Código de provincia do órgano xudicial. A táboa de valores estará dispoñible na sede electrónica da Axencia Estatal BOE.		[1..1]	string
5.1.3.5	telefono	Teléfono do órgano xudicial.		[0..1]	string
5.1.3.6	email	Enderezo de correo electrónico do órgano xudicial.		[0..*]	string
5.1.4	contenido	Contido do edicto. Inclúe o atributo idioma co identificador do idioma en que está escrito o edicto. A táboa de valores estará dispoñible na sede electrónica da Axencia Estatal BOE. Poden incluírse dous elementos deste tipo se o edicto se publica en lingua cooficial, ademais do castelán. Nese caso, ambos os elementos terán os mesmos valores, salvo para os campos «prazo» e «observacións», que deberán ser redactados na lingua correspondente.		[1..2]	complexType
5.1.4.1	procedimiento	Datos do procedemento.		[1..1]	complexType
5.1.4.1.1	tipo	Código do tipo de procedemento. A táboa de valores estará dispoñible na sede electrónica da Axencia Estatal BOE.		[1..1]	string
5.1.4.1.2	numero	Número de procedemento, composto polo ano (expresado con 4 díxitos) e o número secuencial dentro do ano.		[1..1]	string
5.1.4.1.3	nig	Número de identificación xeral.		[0..1]	string
5.1.4.2	resolucion	Datos da resolución.		[1..*]	complexType
5.1.4.2.1	tipo	Código do tipo de resolución. A táboa de valores estará dispoñible na sede electrónica da Axencia Estatal BOE.		[1..1]	string
5.1.4.2.2	fecha	Data da resolución en formato ISO 8601:2004 (aaaa-mm-dd).		[1..1]	string
5.1.4.2.3	objeto	Obxecto do edicto.		[1..*]	complexType
5.1.4.2.3.1	tipo	Tipo de obxecto, cuxa táboa de valores estará dispoñible na sede electrónica da Axencia Estatal BOE.		[1..1]	string
5.1.4.2.3.2	plazo	Indicacións relativas ao prazo para atender ao tipo de obxecto.		[0..1]	string
5.1.4.2.3.2.1	p	Parágrafo de texto en que se inclúen as indicacións relativas ao prazo.		[1..1]	string

Esquema	Nome	Descrición	Valores	Obr.	Tipo
5.1.4.3	destinatarios	Identificación dos destinatarios do edicto. Se existe este elemento, ten que incluír, ben o elemento «determinados» ben o elemento «indeterminados».		[0..*]	complexType
5.1.4.3.1	determinados	Identificación dos destinatarios determinados do edicto, de existiren.		[1..1]	complexType
5.1.4.3.1.1	nombre	Nome do destinatario. Inclúe tres atributos para determinar a identificación: 1. tipold: tipo de identificador do destinatario, cuxa táboa de valores estará dispoñible na sede electrónica da Axencia Estatal BOE 2. id: número de identificador 3. truncado: permite que o órgano xudicial indique se o número de identificador debe publicarse de forma íntegra ou parcial.		[1..*]	string
5.1.4.3.2	indeterminados	Descrición dos destinatarios indeterminados do edicto.		[1..1]	complexType
5.1.4.3.2.1	p	Parágrafo de texto coa descrición dos destinatarios indeterminados.		[1..*]	string
5.1.4.4	observaciones	Observacións do emisor.		[0..1]	complexType
5.1.4.4.1	p	Parágrafo de texto para que o órgano xudicial incorpore a información complementaria que debe aparecer no edicto.		[1..*]	string
5.1.5	firma	Pé de sinatura do anuncio.		[1..1]	complexType
5.1.5.1	lugar	Poboación en que ten lugar a sinatura.		[1..1]	string
5.1.5.2	fecha	Data da sinatura en formato ISO 8601:2004 (aaaa-mm-dd).		[1..1]	string
5.1.5.3	cargo	Código do cargo do asinante. A táboa de valores estará dispoñible na sede electrónica da Axencia Estatal BOE.		[1..1]	string
5.1.5.4	firmante	Nome e dous apelidos do asinante.		[1..1]	string

Disposición adicional primeira. *Implantación do sistema de remisión e xestión telemática dos documentos que se van publicar no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único, regulado na disposición adicional cuarta do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro.*

O sistema automatizado de remisión e xestión telemática dos documentos que deban inserirse no suplemento do taboleiro de edictos xudicial único, regulado na disposición adicional cuarta do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado», estará operativo desde o 25 de maio de 2021 para o envío dos documentos que deban ser publicados a partir do 1 de xuño de 2021.

Disposición adicional segunda. *Xurisdición militar.*

O presente real decreto resulta de plena aplicación á Administración de xustiza militar e aos seus órganos, en canto resulte pertinente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase a disposición adicional segunda do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado», con efectos do 1 de xaneiro de 2022.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.5.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza, e 149.1.18.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas e sobre o procedemento administrativo común.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízanse os titulares do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática e do Ministerio de Xustiza para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xuño de 2021. Non obstante, os números trece e quince do artigo único, así como a disposición adicional primeira, entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO